

Prego de cláusulas administrativas particulares de contratación administrativa da subministración dun sistema de alimentación ininterrompida co seu mantemento integral, mediante procedemento aberto simplificado con tramitación abreviada

Primeira. Obxecto do contrato e réxime xurídico	2
Segunda. Valor estimado, orzamento base de licitación e existencia de crédito	2
Terceira. Duración do contrato	2
Cuarta. Procedemento de adxudicación	3
Quinta. Capacidade para contratar	3
Sexta. Presentación de proposicións	3
Sétima. Documentación e contido do sobre único	4
Oitava. Garantías	5
Novena. Criterios de adxudicación do contrato	5
Décima. Fases da adxudicación	5
Décimo primeira. Baixas anormais ou desproporcionadas	6
Décimo segunda. Formalización do contrato	7
Décimo terceira. Gastos e impostos	7
Décimo cuarta. Entrega e recepción das subministracións	7
Décimo quinta. Pagamentos ao contratista	8
Décimo sexta. Garantía das subministracións	9
Décimo sétima. Execución do contrato	9
Décimo oitava. Deber de confidencialidade	10
Décimo novena. Protección de datos de carácter persoal	11
Vixésima. Responsable do contrato	11
Vixésimo primeira. Prerrogativas do Parlamento de Galicia	11
Vixésimo segunda. Modificación do contrato	12
Vixésimo terceira. Cesión do contrato	12
Vixésimo cuarta. Subcontratación	13
Vixésimo quinta. Resolución do contrato	13
Vixésimo sexta. Cumprimento do contrato e penalidades	14
Vixésimo sétima. Réxime das notificacións	14
Vixésimo oitava. Recursos e xurisdición	14
Cadro de especificacións do contrato	15
Anexo I	20
Anexo III	22
Anexo IV	23

Primeira. Obxecto do contrato e réxime xurídico

1. O obxecto e as necesidades que se pretenden satisfacer con este contrato descríbense no cadro de especificacións, no que tamén constará a codificación correspondente á nomenclatura Vocabulario común de contratos (CPV) da Comisión Europea e á Clasificación de produtos por actividades (CPA-2008) segundo o Regulamento (CE) núm. 451/2008, do 23 de abril.

2. Este contrato ten carácter administrativo e rexerase polo establecido neste prego, na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (en adiante LCSP), e en canto non estea derogado, no Real decreto 817/2009, do 8 de maio, que desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público (en adiante RD 817/2009) e no Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (en adiante RXLCAP).

3. No que non estea previsto neste prego de cláusulas administrativas, as partes sométense expresamente ao disposto na LCSP e nas súas disposicións complementarias.

O prego de prescricións técnicas no que se describen as características da subministración que haberá que realizar revestirá carácter contractual.

No caso de discordancia entre calquera dos documentos contractuais prevalecerá o prego de cláusulas administrativas particulares.

4. Unicamente se admitirá a presentación de variantes cando así se estableza no cadro de especificacións. No suposto de que se admitan, os licitadores poderán introducir na súa proposición variantes ou alternativas que incorporen solucións alternativas ás definidas nas prescricións técnicas, nos termos establecidos no cadro de especificacións.

Segunda. Valor estimado, orzamento base de licitación e existencia de crédito

1. O valor estimado do contrato e o orzamento base de licitación son os establecidos no cadro de especificacións.

2. O valor estimado incluirá, no caso de que se prevexan, as posibles prórrogas e modificacións contractuais e calquera outra forma de opción eventual sinaladas no cadro de especificacións.

3. Para todos os efectos, entenderase que as ofertas presentadas polos licitadores comprenden o imposto sobre o valor engadido (que figurará como partida independente) e demais tributos aplicables segundo as disposicións vixentes.

4. O número de unidades que se pretenden comprar está relacionado no prego de prescricións técnicas. A Administración parlamentaria poderá reducir ou ampliar o número de unidades que se van comprar sen que o contratista adquira dereito a ningunha indemnización, nos termos establecidos na cláusula vixésimo segunda.

5. A partida orzamentaria en que se garante que existe crédito adecuado e suficiente e con cargo á cal será financiado o contrato será a establecida no cadro de especificacións. Nos expedientes que se tramiten anticipadamente a adxudicación queda sometida á condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente para garantir as obrigas derivadas do contrato no exercicio seguinte.

6. O prezo de adxudicación poderá ser obxecto de revisión sempre que así se determine no cadro de especificacións, consonte o establecido nos artigos 103 a 105 da LCSP.

Terceira. Duración do contrato

1. A duración do contrato será a establecida no cadro de especificacións.

2. O cadro de especificacións poderá recoller a posibilidade e, en tal caso, as condicións da prórroga deste contrato.

Se no cadro de especificacións se prevé a posibilidade de prórroga ou prórrogas, estas deberán quedar formalizadas antes da finalización da vixencia inicial do contrato, e serán obrigatorias para o contratista.

No caso de decidir o Parlamento de Galicia facer efectivas as prórrogas previstas, serán acordadas pola Mesa do Parlamento e comunicadas ao contratista cun mínimo de dous meses de antelación á finalización do contrato ou á prórroga anterior, no caso de prever varias.

Cuarta. Procedemento de adxudicación

Este contrato adxudicarase por procedemento aberto, consonte o disposto no artigo 159.6, e, no non previsto nel, nos artigos 156, 157 e 158 da LCSP, segundo as modalidades neles descritas e conforme se establece nas cláusulas seguintes.

Quinta. Capacidade para contratar

1. Poden presentar proposición, con suxeición ás cláusulas deste prego e ao de prescricións técnicas, as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar e non estean comprendidas en ningunha das circunstancias enumeradas no artigo 71 da LCSP.
2. Poderanse presentar unións temporais de empresarios, nos termos do artigo 69 da LCSP.
3. As empresas estranxeiras non comunitarias ateranse ao disposto nos artigos 67 e 68 da LCSP.
4. As empresas que poden participar na contratación serán aquelas que, polo seu obxecto social e pola súa actividade mercantil, teñan relación directa co obxecto do contrato, á vista dos seus respectivos estatutos ou regras fundacionais, e que dispoñan dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para unha debida execución das prestacións exixidas.

Sexta. Presentación de proposicións

1. As proposicións presentaranse no modo, lugar e prazo sinalados no apartado 2 do cadro de especificacións e no anuncio de licitación que se publicará no perfil do contratante do Parlamento.
2. Non se poderá presentar máis ca unha proposición, agás o disposto no artigo 142 da LCSP, nin se poderá subscribir ningunha proposta e unión temporal de empresas con outros de o ter feito individualmente, nin tampouco figurar en máis dunha unión temporal de empresas.

No caso de que o obxecto do contrato estea dividido en lotes, os licitadores poderán presentar proposicións para todos os lotes ou só para algún ou algúns deles, en función do disposto no cadro de especificacións, pero non poderán presentar máis dunha proposición para cada lote.

A infracción de calquera destas normas dará lugar á non-admisión de todas as propostas presentadas.

3. Os licitadores poderán solicitar, por medios electrónicos, as aclaracións que estimen pertinentes sobre o contido dos pregos e a documentación complementaria ata o mesmo día de remate do prazo para presentar ofertas.

A administración responderá, dentro do prazo para a presentación de ofertas, no tempo máis breve posible. A Administración do Parlamento de Galicia comprométese a contestar con seis días (catro días no caso de tramitación urxente) de antelación ao prazo de finalización de presentación de ofertas as peticións que consten recibidas, polo menos, con oito días de antelación sobre o dito prazo.

Todas as dúbidas, aclaracións, preguntas ou cuestións formuladas serán contestadas directamente ao licitador interesado, e publicadas no perfil do contratante, para xeral coñecemento, sen identificación do licitador que fixo a consulta.

4. Conforme o establecido nas Normas para a utilización dunha plataforma electrónica na contratación pública do Parlamento de Galicia (*BOPG* nº 170, do 2 de outubro de 2013, modificadas polo Acordo da Mesa do 2 de decembro de 2013, *BOPG* nº 209, do 5 de decembro de 2013), deberán presentar as súas proposicións a través da plataforma electrónica de contratación ata o día en que finaliza o prazo para a presentación de ofertas.

No perfil do contratante do Parlamento de Galicia existe unha ligazón directa á plataforma (<https://licitacion.parlamentodegalicia.gal/>).

Os licitadores deberán asinar a oferta e todos os documentos asociados a ela con sinatura electrónica recoñecida, validamente emitida por un prestador de servizos de certificación, que garanta a identidade e a integridade do documento, de conformidade coa Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica.

A documentación deberase achegar en formato PDF ou similar non editable. O incumprimento desta exixencia determinará a exclusión do licitador do procedemento de contratación.

Se a documentación que se achegue for xerada por unha entidade ou organismo diferente do licitador, deberá incluír o código de verificación que permita a consulta electrónica directa do documento na sede electrónica ou no portal da entidade ou organismo que xerou o dito documento. No seu defecto, a documentación proporcionada debe cumprir cos requisitos necesarios que garantan a súa eficacia e validez de acordo co sinalado nas disposicións adicionais décimo quinta, décimo sexta e décimo sétima da LCSP.

Non serán admisibles os documentos simplemente asinados manualmente e posteriormente dixitalizados, pois non se trata de documentos asinados electronicamente.

Unha vez presentada unha oferta a través da plataforma electrónica xerarase un recibo electrónico que garantirá a data, a hora e o contido da proposición, e automaticamente xerará un asento no Rexistro Xeral do Parlamento. Todas as proposicións recibidas electronicamente a través da plataforma electrónica serán custodiadas e encriptadas sen posibilidade de acceder ao seu contido antes de que se proceda á apertura delas conforme a normativa correspondente.

5. A presentación da proposición presupón que a parte interesada acepta de modo incondicional as cláusulas deste prego, do prego de prescricións técnicas e do resto de documentación complementaria do contrato.

Sétima. Documentación e contido do sobre único

1. A documentación administrativa e o contido da proposición poderanse presentar redactados, por elección do licitador, en lingua galega ou lingua castelá.

2. A documentación e información do sobre único deberánse presentar na forma establecida na plataforma electrónica do Parlamento, segundo o especificado na cláusula anterior e conforme as instrucións subministradas pola propia plataforma.

3. Para os efectos do disposto no artigo 133 da LCSP, quen licite deberá manifestar de forma explícita que información incluída na súa oferta ten carácter confidencial, facendo referencia ao aspecto ou á epígrafe concreta que se pretende confidencial ou reflectindo claramente (sobreimpresa, á marxe ou de calquera outra forma claramente identificable) no propio documento que teña tal condición, sinalando ademais os motivos que xustifican tal consideración, polo que non será admisible a declaración de confidencialidade respecto da totalidade da proposición presentada, polo que neste caso se entenderá a declaración por non realizada. En ningún caso terá carácter confidencial a oferta económica.

O Parlamento de Galicia non poderá divulgar a información facilitada polos empresarios que estes designasen como confidencial e así fose aceptado polo Parlamento.

4. Contido do sobre: incluírase, pola orde que se detalla, a documentación especificada no apartado 8 do cadro de especificacións.

a) A declaración responsable indica que a sociedade está validamente constituída e que segundo o seu obxecto social se pode presentar á licitación, que o asinante da declaración posúe a debida representación para presentar a proposición e que a empresa non está incurso en prohibición de contratar por si mesma nin por extensión como consecuencia da aplicación do artigo 71.3 da LCSP.

Para estes efectos, os licitadores deberán achegar a declaración responsable segundo o modelo que se inclúe como anexo I, na que se indicará que cumpren as condicións establecidas legalmente para contratar.

Cando varios empresarios concorran agrupados nunha unión temporal achegarán unha declaración responsable por cada empresa participante, indicando nome e circunstancias dos empresarios que participen e o compromiso de constituír a unión temporal, de conformidade co exixido no artigo 69.3 da LCSP.

En todo caso, o Parlamento de Galicia poderá requirir, en calquera momento anterior á adopción da adxudicación, que os licitadores acheguen a totalidade ou parte da documentación acreditativa das circunstancias reflectidas na declaración responsable.

b) As empresas estranxeiras achegarán, ademais da declaración responsable, unha declaración de se someteren á xurisdición dos xulgados e tribunais españois en calquera orde para todas as incidencias

que de modo directo ou indirecto poidan xurdir do contrato, con renuncia expresa, se é o caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que poida corresponderlle ao licitador.

c) Se así se establece no cadro de especificacións, e de acordo co previsto no artigo 76.2 da LCSP, os licitadores deberán asumir o compromiso de adscribir á execución do contrato os medios persoais e materiais suficientes para levala a cabo adecuadamente, medios que, a xuízo do órgano de contratación, deberán cumprir os requisitos establecidos no cadro de especificacións.

Neste caso, os medios persoais e materiais exixidos no prego de prescricións técnicas terán o carácter de obrigas contractuais esenciais. No caso de non poñerse á disposición da prestación do contrato os medios ofrecidos, implicará asumir responsabilidades fronte á Administración parlamentaria e será causa da imposición de penalidades ao teor do artigo 192.2 da LCSP ou, de ser o caso, da resolución do contrato, consonte o establecido no artigo 211.f) da LCSP.

Para tal fin, se for o caso, deberán achegar o modelo de anexo II (se esta contratación non está afectada por esta circunstancia xa non se incluíra o anexo neste prego).

5. Deberanse presentar orixinais de todos os documentos anteriores ou as súas copias debidamente autenticadas.

Oitava. Garantías

1. Garantía definitiva: non se requirirá constitución de garantía ningunha.

Novena. Criterios de adxudicación do contrato

1. Establécese como criterio de adxudicación do contrato o establecido no cadro de especificacións. A valoración da oferta efectuarana os servizos dependentes do órgano de contratación, pola mera aplicación das fórmulas establecidas no cadro de especificacións, automaticamente mediante dispositivos informáticos.

2. Garantírase mediante a plataforma de licitación que a apertura das proposicións non se realiza ata que finalice o prazo para a súa presentación.

3. Criterios de desempate. No caso de que, aplicando os criterios de valoración, dúas ou máis empresas empaten na maior puntuación, de conformidade co establecido no artigo 147 da LCSP, aplicaranse os criterios establecidos no cadro de especificacións.

Décima. Fases da adxudicación

1. Despois de rematar o prazo de presentación de proposicións, o servizo competente procederá á apertura e ao exame da documentación incluída no único sobre ou arquivo electrónico. De resultar precisa reparación de erros ou omisións na documentación presentada, o servizo competente concederá un prazo suficiente.

2. O servizo competente excluíra as ofertas que non cumpran os requisitos dos pregos.

3. Conforme a puntuación obtida automaticamente da plataforma polas ofertas concorrentes non excluídas, clasificaranse en orde decrecente e comprobarase no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público ou no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia que a empresa clasificada en primeiro lugar está debidamente constituída, que o asinante da proposición ten poder bastante para formular a oferta e que non está incurso en ningunha prohibición para contratar.

4. As empresas que non estean debidamente inscritas no Rexistro Oficial de Licitadores ou no Rexistro Xeral de Contratistas serán excluídas do procedemento.

5. No caso de que se presuma que a oferta do licitador que obtívase a mellor puntuación é anormalmente baixa, procederase conforme o establecido no punto seguinte, e daráselle un prazo máximo de cinco días hábiles para que achegue a información e o documento que considere pertinentes.

6. Se a oferta anormal ou desproporcionada non é admisible por non xustificar suficientemente a súa viabilidade conforme o establecido na cláusula seguinte, será excluída da avaliación e atribución de puntuación conforme os criterios de adxudicación.

7. A documentación presentarase a través da plataforma de licitación electrónica ou no Rexistro Xeral do Parlamento dirixida á Mesa do Parlamento de Galicia, en función do medio utilizado polo Parlamento para a notificación correspondente.

8. No caso de requirir reparación de erros ou aclaración da documentación achegada, concederáselle ao licitador un mínimo de tres días hábiles, que se contarán desde o seguinte á recepción da notificación, para contestar o requirimento.

9. Se o licitador non cumpre adecuadamente os requirimentos nos prazos sinalados, entenderase que retira a súa oferta, e neste caso procederase a solicitarlle a mesma documentación ao seguinte que licitou pola orde en que quedasen clasificadas as respectivas ofertas.

Neste suposto, a Mesa do Parlamento procederá a exixirlle unha penalidade do tres por cento do orzamento base de licitación, nos termos do artigo 150.2 da LCSP, sen prexuízo de declaralo, logo do procedemento tramitado para o efecto, incurso en prohibición de contratar conforme o establecido no artigo 71.2.a).

10. Unha vez que o servizo competente realice a avaliación da documentación presentada, propoñerá á Mesa do Parlamento, logo da fiscalización favorable da Intervención da Cámara, a adxudicación do contrato ao seu favor. Esta proposta de adxudicación non crea ningún dereito en favor do licitador proposto fronte ao Parlamento. En todo caso, cando a Mesa do Parlamento non adxudique o contrato de acordo coa proposta formulada motivará a súa decisión.

11. Posteriormente, no prazo de cinco días hábiles, a Mesa do Parlamento acordará a adxudicación do contrato ao licitador proposto, ou a outro motivadamente, ou no seu defecto declararao deserto ou desistirá ou renunciará ao contrato nos termos indicados na lei. En cumprimento do mencionado prazo legal, poderá adxudicarse por resolución da Presidencia en exercicio da delegación outorgada a esta pola Mesa, e daráselle conta na seguinte sesión desta que teña lugar.

12. A adxudicación seralles notificada aos licitadores mediante a plataforma de licitación electrónica e simultaneamente publicada no perfil do contratante do Parlamento de Galicia, nos termos do artigo 151 da LCSP.

13. Poderase declarar deserto o procedemento no caso de non existir oferta ou proposición que sexa admisible conforme os requisitos dos pregos e os criterios que figuren no cadro de especificacións.

Décimo primeira. Baixas anormais ou desproporcionadas

1. Consideraranse, en principio, anormais ou desproporcionadas as ofertas económicas que se encontren nos seguintes supostos:

a) Cando, concorrendo un só licitador, sexa inferior ao orzamento base de licitación en máis de vinte e cinco unidades porcentuais.

b) Cando concorran dous licitadores, a que sexa inferior en máis de vinte unidades porcentuais á outra oferta.

c) Cando concorran tres licitadores, as que sexan inferiores en máis de dez unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. Non obstante, excluírase para o cómputo da dita media a oferta de contía máis elevada cando sexa superior en máis de dez unidades porcentuais á antedita media.

En calquera caso, considerárase desproporcionada a baixa superior a vinte e cinco unidades porcentuais.

d) Cando concorran catro ou máis licitadores, as que sexan inferiores en máis de dez unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. No entanto, se entre elas existen ofertas que sexan superiores á dita media en máis de dez unidades porcentuais, procederase ao cálculo dunha nova media só coas ofertas que non se encontren no suposto indicado. En todo caso, se o número das restantes ofertas é inferior a tres, a nova media calcularase sobre as tres ofertas de menor contía.

2. No caso de que algunha proposición económica incorra en baixa anormal ou desproporcionada de acordo cos anteriores criterios e conforme o establecido no artigo 149 da LCSP, daráselle audiencia ao interesado para que xustifique razoada e detalladamente os parámetros con base nos cales definiu

a súa oferta que xustifiquen a viabilidade da oferta, achegando para tal fin a información e os documentos que considere pertinentes.

Recibida a xustificación e documentación do licitador, será remitida ao servizo competente do Parlamento, que deberá elaborar un informe sobre a viabilidade da oferta.

3. Se o licitador que presentou a proposición economicamente máis vantaxosa está incurso en baixa anormal ou desproporcionada poderáselle exixir unha garantía complementaria conforme o establecido no cadro de especificacións.

4. Se unha oferta non pode ser cumprida como consecuencia dos valores anormais ou desproporcionados, a Mesa do Parlamento acordará que sexa excluída da clasificación.

Décimo segunda. Formalización do contrato

1. A formalización do contrato enténdese realizada co asinamento polo adxudicatario da notificación da adxudicación, que deberá achegar mediante a plataforma de licitación electrónica.

2. Antes da formalización do contrato comprobarase que está suficientemente acreditada no expediente a identidade e a representación do asinante e, no caso de que a adxudicataria for unha unión temporal de empresas, acreditación desta mediante presentación da escritura de constitución, NIF asignado á unión e nomeamento de representante con poder suficiente.

3. Forman parte do contrato os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares do procedemento de contratación, a súa propia oferta, e a notificación de adxudicación asinada polo adxudicatario.

4. Sen prexuízo de declarar o adxudicatario incurso en prohibición de contratar conforme o establecido no artigo 71.2.b, cando, por causas imputables ao adxudicatario, non se poida formalizar o contrato no prazo sinalado, a Mesa do Parlamento poderá acordar a imposición de indemnización dos danos e perdas ocasionados á Administración parlamentaria, e poderase adxudicar á empresa clasificada en segundo lugar, iniciando de novo a fase de adxudicación.

5. Unha vez formalizado o contrato nos termos anteriores daráselle, no modo previsto no artigo 154 da LCSP, a oportuna publicidade a través do perfil do contratante do Parlamento.

Décimo terceira. Gastos e impostos

Tanto na oferta que formule o licitador coma nos orzamentos de adxudicación entenderanse comprendidos para todos os efectos os gastos e os impostos de toda índole que graven os diversos conceptos, sen que, polo tanto, poida ser repercutido ningún deles como partida independente.

Serán a cargo do adxudicatario, de os haber, o pagamento do importe dos gastos de publicación de anuncios e cantos outros se ocasionen con motivo dos trámites preparatorios e de formalización do contrato, igual que o pagamento de toda clase de tributos estatais e locais.

No cadro de especificacións poderanse enumerar, se é o caso, outros gastos que serán por conta do adxudicatario.

Décimo cuarta. Entrega e recepción das subministracións

1. As subministracións serán entregadas e, de ser o caso, instaladas na Administración parlamentaria no lugar ou na dependencia que se lle indique ao adxudicatario, dentro do prazo establecido no cadro de especificacións.

2. No caso de tratarse dunha subministración sucesiva de bens na que o prezo se determina por prezos unitarios, o contratista deberá entregar as cantidades efectivamente demandadas polo Parlamento segundo as súas necesidades, con independencia do número establecido no prego de prescricións técnicas. Polo tanto, se foren demandadas e entregadas menos unidades das estimadamente establecidas no prego de prescricións técnicas, o contratista non terá dereito a indemnización ningunha; se foren demandadas máis unidades das estimadamente establecidas, aboaranse ao contratista as subministracións efectivamente entregadas en función do prezo unitario contractualmente acordado.

Cada unha das sucesivas entregas parciais que realice o adxudicatario será obxecto por parte da Administración parlamentaria de inspección para comprobar que o material recibido se axusta ás

condicións exixidas e ás finalidades previstas nos pregos de prescricións técnicas, e quedará acreditada a súa recepción mediante albará ou documento similar. Se os bens non estiveren en estado de ser recibidos, farase constancia expresa desta circunstancia e serán devoltos con indicacións precisas ao contratista para que realice unha nova subministración.

3. No caso de tratarse dunha subministración composta de varias unidades ou elementos que deba ser entregada na súa totalidade para ser plenamente operativa conforme os requirimentos do prego de prescricións técnicas, ou que deba ser instalada e posta en marcha para que satisfaga a necesidade que motiva a súa adquisición, sen prexuízo da debida constancia documental das entregas parciais que sexa preciso realizar, formalizarase unha acta de entrega provisional da entrega da totalidade ou, de ser o caso, instalación e posta en marcha do equipamento; posteriormente os servizos do Parlamento realizarán labores de comprobación da correcta entrega, instalación e funcionamento da subministración.

4. No prazo máximo dun mes desde a formalización da acta de entrega provisional, e de ser conforme a comprobación realizada, estenderase a oportuna acta de recepción definitiva. A súa celebración comunicarse previamente á Intervención e Asuntos Económicos para a súa eventual asistencia nos labores de comprobación do investimento.

Décimo quinta. Pagamentos ao contratista

1. A forma de pagamento será a establecida no cadro de especificacións.

2. O contratista terá dereito ao aboamento, conforme os prezos contratados, da prestación realmente executada. O importe da prestación realizada acreditarase por medio da presentación da factura correspondente, así como da documentación que, de se estimar precisa, xustifique a realización total ou parcial do contrato.

3. Procederá á emisión da factura no prazo de 30 días unha vez cumprida a prestación obxecto do contrato ou a partir do día seguinte ao do asinamento da acta de recepción definitiva positiva por parte da Administración e do contratista.

A factura deberase presentar en formato electrónico no Punto xeral de entrada de facturas electrónicas da Comunidade Autónoma de Galicia (SEF). O código DIR3 que identifica o Parlamento de Galicia no SEF é o seguinte:

CIF	S1533001B	
Receptor	Parlamento de Galicia	
Entidade	Parlamento de Galicia	
Órgano de contratación	Parlamento de Galicia	
Unidade de contratación	Parlamento de Galicia	
Oficina contable	Código DIR3	I00000344
Órgano xestor	Código DIR3	I00000344
Unidade tramitadora	Código DIR3	I00000344

4. O responsable do contrato dispón dun prazo de 30 días para informar sobre a conformidade co servizo tras a finalización de cada período (segundo sexa mensual, trimestral, anual, puntual...) ou coa subministración desde a sinatura da acta de recepción ou entregas parciais de habelas.

A dita conformidade pode prestala vía informe ou directamente conformando a factura correspondente que se reciba en prazo. De ser presentada a factura con posterioridade aos 30 días desde a finalización da prestación ou entrega da subministración, o prazo para dar a conformidade computará desde a dita presentación.

De existir discrepancia sobre a prestación do servizo ou subministración, o responsable trasladaralle comunicación ao contratista. Este terá dereito ao período de audiencia por un prazo de dez días, que se contarán a partir do día seguinte ao da notificación. Simultaneamente, procederase ao rexeitamento da factura a través do Punto xeral de entrada de facturas electrónicas da Comunidade Autónoma de Galicia (SEF) con indicación dos motivos. A factura quedará rexistrada como anulada no rexistro

contable de facturas. O pagamento do prezo relativo ao período controvertido non se tramitará mentres non se emenden as deficiencias e tras a presentación da nova factura.

5. O Parlamento de Galicia aboará o prezo de acordo coa factura expedida polo adxudicatario dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade co disposto no contrato dos bens entregados ou servizos prestados, sen prexuízo do establecido no número 4 do artigo 210.

De demorarse a Administración no pagamento, deberalle aboar ao contratista, a partir do cumprimento do dito prazo de trinta días, os xuros de demora e a indemnización polos custos de cobramento nos termos previstos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais. Para que se produza o comezo do cómputo do prazo para a devindicación de xuros, o contratista deberá cumprir a obriga de presentar a factura ante o punto xeral de entrada de facturas da Comunidade Autónoma de Galicia (SEF) nos termos establecidos na normativa vixente sobre factura electrónica, en tempo e forma, no prazo de trinta días desde a data de entrega efectiva das mercadorías ou da prestación do servizo.

Décimo sexta. Garantía das subministracións

1. O prazo de garantía da subministración obxecto do contrato será o establecido no cadro de especificacións.

2. O adxudicatario deberá responder dos bens entregados e mais dos posibles defectos atribuíbles á súa fabricación, elaboración, procesado, embalaxe ou transporte durante o prazo de garantía.

3. Durante o período de garantía, o contratista está obrigado á reposición do que resulte inadecuado ou, se é suficiente a xuízo do Parlamento, á súa reparación, con independencia das consecuencias que puideren derivar das responsabilidades en que puidese incurrir, de acordo co establecido neste prego e no artigo 305 da LCSP.

4. Cómputo do prazo de garantía: no caso de tratarse dunha subministración na que se formaliza acta de recepción definitiva, desde a data da súa formalización. Noutro caso, desde o momento do pagamento da factura.

5. O Parlamento reserva para si o dereito de inspeccionar e ser informado do proceso de fabricación, elaboración ou procesado dos bens obxecto deste contrato, e pode ordenar ou realizar por si mesmo probas, ensaios ou calquera outro sistema de control de calidade.

Décimo sétima. Execución do contrato

1. O contrato executarase con suxeición ás súas cláusulas e de acordo coas instrucións que para a súa interpretación o Parlamento lle dese ao contratista.

2. Conforme o establecido no artigo 153 da LCSP, non se poderá iniciar a execución do contrato sen a súa formalización previa, agás nos casos de tramitación por emerxencia.

3. A execución do contrato realizarase por risco e ventura do contratista, e este será responsable da calidade técnica da subministración.

4. No cadro de especificacións poderase establecer a obriga do contratista de concertar ou acreditar que dispón dun seguro de responsabilidade civil que cubra todas as posibles responsabilidades perante a Administración do Parlamento derivadas da execución do contrato e os posibles danos nos bens públicos que se ocupen ou utilicen. O contratista deberá comprometerse a non modificar, suspender ou anular a póliza mentres estean vixentes as responsabilidades a que está afecto o seguro.

5. No caso de se producir unha suspensión do contrato por calquera causa, haberá que averse ao estipulado no artigo 208 da LCSP e nas normas de desenvolvemento.

Se a Administración parlamentaria acorda unha suspensión, levantarase a correspondente acta de suspensión na que se explicitará a causa da suspensión e a situación de feito na execución en que queda o contratista.

6. Co motivo dun compromiso ambiental, o Parlamento de Galicia exixiralle ao contratista o cumprimento, na execución deste contrato, de boas prácticas ambientais no desenvolvemento da súa prestación do contrato e o debido cumprimento da lexislación vixente.

7. O contratista contará co persoal necesario para a execución do contrato de acordo coa oferta formulada. Este persoal dependerá exclusivamente do adxudicatario, que terá todos os dereitos e deberes inherentes á súa calidade de empregador respecto do persoal, sendo a Administración parlamentaria allea ás ditas relacións laborais. O contratista estará obrigado ao cumprimento das condicións salariais dos traballadores conforme o convenio colectivo sectorial aplicable.

8. O contratista é responsable da organización do servizo, da calidade técnica dos traballos que desenvolva e mais das prestacións e dos servizos realizados. A empresa contratista dispoñerá para a execución do contrato dunha estrutura xerarquizada, que se fará responsable de impartir ao seu persoal as correspondentes ordes, criterios de realización do traballo e directrices de como o distribuír.

Corresponde, así mesmo, á empresa contratista a vixilancia do horario de traballo do persoal, as posibles licenzas horarias ou permisos ou calquera outra manifestación das facultades do empregador. En todo caso, na forma establecida nestes pregos, o servizo deberá quedar sempre convenientemente cuberto.

Á extinción do contrato, non poderá producirse en ningún caso a consolidación das persoas que realizasen os traballos obxecto do contrato.

9. É responsabilidade da empresa contratista facilitarlle ao seu persoal todos os medios materiais precisos para levar a cabo o seu traballo, incluídos os aparellos de intercomunicación e de localización inmediata.

10. A formación do persoal da empresa adxudicataria correrá por conta dela, e en ningún caso o seu custo será asumido polo Parlamento.

11. O adxudicatario está, así mesmo, obrigado ao cumprimento, baixo a súa exclusiva responsabilidade, das disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade social e de seguridade e saúde laboral.

12. O Parlamento determinará se a prestación realizada polo contratista se axusta ás prescricións establecidas para a súa execución e cumprimento e, de ser o caso, requirirá a realización das prestacións contratadas e a emenda dos defectos observados. Se os traballos efectuados non se adecúan á prestación contratada como consecuencia de vicios ou defectos imputables ao contratista, poderaa rexeitar e quedará exento da obriga de pagamento ou terá dereito, de ser o caso, a recuperar o prezo satisfeito. De seren inadecuados parcialmente, farase unha proposta de desconto no seu custo na parte que corresponda, sen prexuízo das penalidades que procedan, de ser o caso.

13. Se durante o prazo de garantía se acredita a existencia de vicios ou defectos nos traballos efectuados, o Parlamento reclamaralle ao contratista a súa emenda. Terminado o prazo de garantía sen que se formalizase algún dos reparos ou a denuncia, o contratista quedará exento de responsabilidade por razón da prestación efectuada.

Décimo oitava. Deber de confidencialidade

A respecto do deber de confidencialidade será aplicable o disposto no artigo 133.2 da LCSP.

O contratista deberá respectar o carácter confidencial daquela información a que teña acceso con ocasión da execución do contrato á cal se lle dese o referido carácter no cadro de especificacións ou no contrato, ou que pola súa propia natureza deba ser tratada como tal. Este deber manterase no prazo establecido no cadro de especificacións deste prego.

O adxudicatario comprometerase a manter en segredo todos os datos e informacións facilitados polo Parlamento de Galicia que sexan concernentes á prestación regulada por este prego. En particular, será considerado como información confidencial todo o *know how* ou saber facer resultante da execución do contrato, polo que o adxudicatario deberá manter a dita información en reserva e segredo e non revelala de ningún xeito, en todo ou en parte, a ningunha persoa física ou xurídica que non sexa parte do contrato.

Décimo novena. Protección de datos de carácter persoal

Se o contrato implica, ao teor do establecido no cadro de especificacións, o acceso e o tratamento de datos de carácter persoal, deberase respectar na súa integridade o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, así como as disposicións que en materia de protección de datos se encontren en vigor na data de adxudicación do contrato ou que puideren estalo durante a súa vixencia.

No suposto de que a entidade adxudicataria trate datos de carácter persoal por conta propia, atribuiráselle a responsabilidade exclusiva dos datos que tiver que tratar como consecuencia da prestación do contrato, en calidade de responsable deles.

Se o contrato implica o tratamento de datos de carácter persoal dos que é responsable o Parlamento de Galicia, a entidade adxudicataria, en calidade de encargada do tratamento, estará obrigada ao cumprimento do disposto no anexo «Tratamento de datos persoais», que se configura para estes efectos como un acordo de encargo de tratamento.

O deber de segredo sobre a información que se obteña durante a duración do obxecto do contrato, polo que respecta ao cumprimento da normativa en materia de protección de datos persoais, manterase por tempo indefinido.

Vixésima. Responsable do contrato

Actuará como responsable do contrato a persoa ou persoas designadas no cadro de especificacións.

O responsable do contrato será o interlocutor directo e habitual do Parlamento co contratista, e corresponderalle:

- a) Supervisar a execución do contrato.
- b) Adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias para asegurar a correcta realización da prestación.
- c) Propoñer a imposición de penalidades.
- d) Emitir un informe para o suposto de atraso na execución, onde se determine se o atraso se produciu por motivos imputables ao contratista.
- e) Propoñer modificacións do contrato.
- f) Comprobar a correcta entrega e, de ser o caso, instalación e posta en marcha da subministración obxecto do contrato e asinar, en representación do Parlamento, as correspondentes documentacións acreditativas das entregas que eventualmente se realicen e, en todo caso, a acta de recepción definitiva.
- g) Comprobar e conformar as facturas presentadas polo contratista.

Vixésima primeira. Prerrogativas do Parlamento de Galicia

1. Corresponderanlle á Administración parlamentaria os poderes de comprobación, verificación e control da execución do contrato. Para tal fin dispón das seguintes prerrogativas:

- a) Interpretar o contrato.
 - b) Resolver as dúbidas que ofreza o seu cumprimento.
 - c) Modificalo por razóns de interese público.
 - d) Declarar a responsabilidade imputable ao contratista a raíz da execución do contrato.
 - e) Suspender a súa execución.
 - f) Acordar a súa resolución e determinar os efectos desta.
 - g) Inspeccionar as actividades desenvolvidas polos contratistas durante a execución do contrato.
2. Os acordos que dite a Mesa do Parlamento, logo do informe da Oficialía Maior e da Intervención e Asuntos Económicos, no exercicio das súas prerrogativas, serán inmediatamente executivos.

Vixésimo segunda. Modificación do contrato

1. Se durante a vixencia do contrato a Administración parlamentaria detecta a conveniencia ou a necesidade da súa modificación, observarase o disposto nos artigos 203 a 207 da LCSP.

2. Se se recolle no cadro de especificacións, poderáselle impoñer ao adxudicatario a aceptación obrigatoria das seguintes modificacións nas subministracións contratadas:

a) Poderá producirse a modificación do contrato pola redución das unidades establecidas no prego de prescricións técnicas.

b) Poderá producirse a modificación do contrato pola substitución duns elementos, obxectos ou equipamentos por outros, sempre que ambos estean incluídos no prego de prescricións técnicas e o prezo do contrato non sufra incremento.

c) Poderá producirse a modificación do contrato pola substitución duns elementos, obxectos ou equipamentos por outros, sempre que ambos estean incluídos no prego de prescricións técnicas aínda que o prezo do contrato sufra incremento. Neste caso aboaráselle ao adxudicatario o saldo positivo resultante en función dos prezos unitarios dun e doutros bens fixados no contrato.

d) Poderá producirse a modificación do contrato polo aumento do número máximo de unidades incluídas no prego de prescricións técnicas; neste caso o Parlamento aboarálle ao adxudicatario as unidades aos prezos unitarios fixados no contrato.

O adxudicatario non terá dereito a reclamar ningunha indemnización en ningún dos catro supostos.

3. Calquera outra modificación distinta obrigará a tramitar un expediente de modificación do contrato, nos termos previstos nos artigos 205 e 206 da LCSP.

4. As modificacións serán aprobadas pola Mesa do Parlamento, por proposta do responsable do contrato, e logo de audiencia ao contratista, cando proceda. Unha vez adoptado o acordo pola Mesa do Parlamento, será notificado ao contratista e, de ser o caso, publicado o anuncio de modificación no perfil do contratante.

Vixésimo terceira. Cesión do contrato

1. No cadro de especificacións determinarase se se permite ou non a cesión do contrato. No caso de permitirse a cesión na persoa do contratista axustarase ao establecido no artigo 214 da LCSP.

2. Non se autorizará a cesión do contrato en ningún caso cando as calidades técnicas ou persoais do cedente fosen razón determinante da adxudicación do contrato ou constituísen un elemento esencial do contrato, e a eventual cesión supoñería unha alteración substancial das características do contratista ou cando da cesión resulte unha restrición efectiva da competencia no mercado.

Cando o contratista sexa unha unión temporal de empresas, poderá autorizarse a cesión das porcentaxes de participación entre os empresarios que formen parte dela, sempre que non se dean as circunstancias do punto anterior.

3. No caso de ser posible a cesión, o contratista deberá solicitala á Mesa do Parlamento. Xunto coa solicitude, deberá acreditar que se cumpren as circunstancias do punto seguinte.

4. En todo caso, a cesión do contrato estará condicionada aos seguintes requisitos:

a) Que o cedente executase polo menos un vinte por cento do importe do contrato, nas condicións establecidas no artigo 214.2.b.

b) Que o cesionario teña capacidade para contratar coa Administración, non estea incurso nunha causa de prohibición de contratar e acredite a solvencia que resulte exigible en función da fase de execución do contrato. De ser o caso, que conte coas habilitacións empresariais ou profesionais que se lle exixiron ao cedente.

5. Non se poderá producir a cesión do contrato sen a autorización previa da Mesa do Parlamento. Ao expediente incorporaranse informes do responsable do contrato, da Oficialía Maior e da Intervención e Asuntos Económicos do Parlamento.

6. Se no prazo de dous meses desde o rexistro da solicitude de autorización no Rexistro Xeral da Cámara a Mesa do Parlamento non se pronunciou, entenderase outorgada por silencio administrativo.
7. Autorizada a cesión, deberá formalizarse en escritura pública, da que unha copia auténtica será entregada no Servizo de Persoal e Réxime Interior.
8. Ao formalizarse a cesión, o cesionario quedará subrogado nos dereitos e obrigas do cedente.

Vixésimo cuarta. Subcontratación

1. Poderá imponse no cadro de especificacións a obriga de prestar certas partes do contrato directamente polo contratista ou de subcontratar determinadas partes do contrato.
2. A contratación polo adxudicatario da realización parcial do contrato con terceiros estará suxeita aos requisitos establecidos no artigo 215 da LCSP, salvo que no cadro de especificacións se prohiba expresamente.
3. No caso de permitirse, o licitador deberá indicar na oferta a parte do contrato que prevé subcontratar, sinalando o seu importe e o nome ou o perfil empresarial, definido por referencia ás condicións de solvencia profesional ou técnica, do subcontratista ou subcontratistas aos que vai encomendar a súa realización.

De resultar finalmente adxudicatario, deberá comunicalo ao Parlamento previamente á súa celebración. No caso de indicar na oferta unicamente o perfil empresarial do subcontratista deberá xustificar neste momento a identidade do subcontratista, representante ou representantes legais, elementos técnicos e humanos de que dispón e a súa experiencia, e a acreditación de non estar incurso en prohibición de contratar.

Se finalmente os subcontratos non se axustan ao indicado na oferta, por se subscribiren con empresarios distintos dos indicados nominativamente nesta ou por se referiren a partes da prestación diferentes ás sinaladas nela, deberá comunicalo por escrito ao Parlamento, e non poderá subscribilos ata que transcorran vinte días desde que se curse a notificación. Na comunicación deberá incluírse a parte da prestación que se pretende subcontratar e a identidade do subcontratista, representante ou representantes legais, os elementos técnicos e humanos de que dispón e a súa experiencia, así como a acreditación de non estar incurso na prohibición de contratar.

O contratista principal deberalle notificar por escrito ao Parlamento calquera modificación que sufra esta información durante a execución do contrato principal.

4. No caso de contratos nos que o importe da subcontratación sexa igual ou superior ao trinta por cento do prezo do contrato, o responsable do contrato comprobará o estrito cumprimento dos pagamentos que o contratista deba realizar aos subcontratistas. Para iso o contratista remitiralle ao Parlamento a relación detallada de subcontratistas que participen no contrato e as condicións de subcontratación de cada un deles, que garden unha relación directa co prazo de pagamento.

Así mesmo, deberán achegar xustificante de cumprimento dos pagamentos a aqueles, unha vez terminada a prestación, dentro dos prazos de pagamento legalmente establecidos no artigo 216 da LCSP e na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, naquilo que lle sexa aplicable.

Estas obrigas para o contratista de facilitar a antedita información considéranse condicións especiais de execución, e o seu incumprimento implicará a imposición das penalidades establecidas no cadro de especificacións.

Vixésimo quinta. Resolución do contrato

Son causas de resolución do contrato, ademais das establecidas nos artigos 211, 306 e 313 da LCSP, as seguintes:

- a) O incumprimento das obrigas ou das prohibicións enumeradas neste prego.
- b) A grave deficiencia na prestación da subministración obxecto do contrato por parte do adxudicatario, debidamente documentada polo Parlamento.
- c) As establecidas no cadro de especificacións.

Vixésimo sexta. Cumprimento do contrato e penalidades

1. No caso de incumprimento do disposto neste prego e no de prescricións técnicas en canto á subministración ou á súa defectuosa prestación, o Parlamento poderá optar indistintamente por declarar resolto o contrato, con perda da garantía, ou pola imposición de penalidades.
2. Estableceranse, conforme se refire no cadro de especificacións, penalidades polas seguintes causas:
 - a) Incumprimento do prazo de entrega da subministración.
 - b) Incumprimento do prazo de entregas parciais.
 - c) Cumprimento defectuoso da prestación.
 - d) Incumprimento do compromiso de adscrición de medios.
 - e) Incumprimento das condicións especiais de execución do contrato.
 - f) Incumprimento dalgún dos criterios de adxudicación.
 - g) Incumprimento do prazo de pagamentos a subcontratistas nos termos da cláusula 24ª.4.
 - h) As establecidas no cadro de especificacións.
3. A concreción das penalidades será a determinada no cadro de especificacións.
4. As penalidades impoñeranse, logo do oportuno trámite de audiencia ao contratista, por acordo da Mesa do Parlamento, que será inmediatamente executivo.
5. As cantidades por imposición de penalidades serán deducidas na seguinte facturación que proceda ou, de non ser posible, serán efectivas sobre a garantía que se constituíse, e o contratista deberá repoñer ou ampliar esta na contía que corresponda no prazo de dez días hábiles.
6. A penalidade económica eventualmente imposta non exclúe a indemnización de danos e perdas á que poida ter dereito a administración.
7. A constitución de mora do empresario non precisará intimación previa por parte da administración.

Vixésimo sétima. Réxime das notificacións

As notificacións que deban realizarse derivadas da tramitación deste procedemento efectuaranse mediante comparecencia electrónica na plataforma de licitación do Parlamento, ou alternativamente mediante correo electrónico habilitado ao enderezo que os licitadores designasen ao presentaren as proposicións, nos termos establecidos nas disposicións adicionais décimo quinta, décimo sexta e décimo sétima da LCSP.

Vixésimo oitava. Recursos e xurisdición

As decisións da Mesa do Parlamento poderán ser obxecto de recurso de reposición nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común.

Os acordos que dite a Mesa do Parlamento, logo do informe da Oficialía Maior e da Intervención, no exercicio das súas prerrogativas de interpretación, modificación e resolución, serán inmediatamente executivos.

As cuestións litixiosas sobre a interpretación, a modificación, a resolución e os efectos dos contratos administrativos serán resoltas pola Mesa do Parlamento. Contra os seus acordos, que esgotan a vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de acordo co disposto na lei reguladora da devandita xurisdición, sen prexuízo de que os interesados poidan interpoñer recurso potestativo de reposición, previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común.

Cadro de especificacións do contrato			
1. Poder adxudicador			
Órgano de contratación	Mesa do Parlamento de Galicia		
Servizo xestor	Servizo de Persoal e Réxime Interior		
Enderezo postal	Rúa do Hórreo, 63 – 15701 – Santiago de Compostela		
Enderezo web	http://www.parlamentodegalicia.gal		
Plataforma de licitación electrónica	https://licitacion.parlamentodegalicia.gal/		
Perfil do contratante	https://www.contratosdegalicia.gal		
Enderezo electrónico	contratacion@parlamentodegalicia.gal		
Teléfono	981551300 / 981551319	Fax	981551409
Responsable do contrato	Xefe do Servizo de Tecnoloxías da Información		
Unidade de seguimento e execución do contrato	Servizo de Tecnoloxías da Información		
2. Procedemento de adxudicación			
Nº de expediente	STI-PA.STA-3/2020	Tramitación	<input type="checkbox"/> Ordinaria <input type="checkbox"/> Urxente <input checked="" type="checkbox"/> Abreviada
Procedemento de adxudicación	Aberto simplificado con tramitación abreviada		
Data do acordo de inicio do expediente	6 de marzo de 2020		
Forma de presentación de proposicións	<input checked="" type="checkbox"/> electrónica <input type="checkbox"/> formato papel		
3. Obxecto do contrato			
Tipo de contrato	Mixto, de subministración e servizos		
Título do contrato	Subministración e mantemento dun sistema de alimentación ininterrompida		
Obxecto do contrato	Subministración e servizo de mantemento dun sistema de alimentación ininterrompida		
Necesidade que se pretende satisfacer	Aparello que garanta, no caso de corte eléctrico ou avaria puntual, que todo o equipamento informático que estea conectado á rede eléctrica do Parlamento de Galicia, e dependa del, non quede sen electricidade, achegando a seguridade de que non se perderá a información que non se tivese gardado.		
Código nomenclatura CPV	31400000-0 Acumuladores, pilas e baterías de pilas 31430000-9 Acumuladores eléctricos 50711000-2 Servizos de reparación e mantemento de equipos eléctricos de edificios		

Código CPA-2002	27.1 Motores, xeradores e transformadores eléctricos e aparellos de distribución e control eléctrico 33.14.11 Servizos de reparación e mantemento de motores eléctricos, xeradores, transformadores e aparellos de distribución e control eléctricos		
Inclúe o contrato mantemento ou soporte	<input checked="" type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non		
División en lotes	<input type="checkbox"/> Si <input checked="" type="checkbox"/> Non	Nº de lotes	-
Descrición dos lotes	-		
Limitación do número de lotes a que se pode presentar un licitador	<input type="checkbox"/> Si <input checked="" type="checkbox"/> Non	Nº de lotes	-
Limitación do número de lotes que se poden adjudicar a un licitador	<input type="checkbox"/> Si <input checked="" type="checkbox"/> Non	Nº de lotes	-
Admisión de variantes	<input type="checkbox"/> Si <input checked="" type="checkbox"/> Non		
4. Valor estimado, orzamento base de licitación e prezo do contrato			
Método de cálculo do orzamento	<input type="checkbox"/> A tanto alzado <input type="checkbox"/> Referido a prezos unitarios <input type="checkbox"/> Conforme o custo do «ciclo de vida» <input checked="" type="checkbox"/> Outro: Con base no prezo obtido en páxinas web		
4.1. Orzamento base de licitación (para a duración inicial de tres anos)			
	Subministración	Mantemento (tres anos)	Total
Importe	8.500,00 €	7.500,00 €	16.000,00 €
IVE	1.785,00 €	1.575,00 €	3.360,00 €
Total con IVE	10.285,00 €	9.075,00 €	19.360,00 €
Prórroga (sen IVE)			5.000,00 €
Modificacións previstas (sen IVE)			0,00 €
Opcións eventuais (sen IVE):			0,00 €
4.2. Valor estimado do contrato (sen IVE):			21.000,00 €
4.3. Distribución por anualidades (condicionadas á existencia de crédito nos exercicios futuros)			
	Subministración (IVE engadido):	Mantemento (IVE engadido):	
2020	10.285,00 €		2.016,67 €
2021	0,00 €		3.025,00 €
2022	0,00 €		3.025,00 €
2023 (no caso de prórroga)	0,00 €		3.025,00 €
2024 (no caso de prórroga)	0,00 €		3.025,00 €
2025 (no caso de prórroga)	0,00 €		1.008,33 €
Partida orzamentaria subministración: 01.01.111B.626			
Partida orzamentaria mantemento: 01.01.111B.216			

Revisión de prezos	<input type="checkbox"/> Si <input checked="" type="checkbox"/> Non	Fórmula	-
5. Duración do contrato			
Duración do contrato	Desde o día da súa formalización, ata tres anos desde o día da formalización da acta de recepción		
Prórrogas do contrato	<input checked="" type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non		
Descrición	Ata un máximo de dous anos máis		
Prazo de entrega	Trinta días		
Prazo de garantía do contrato	<input checked="" type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non		
Descrición	Durante toda a vixencia do contrato		
Prazo de garantía da subministración	<input checked="" type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non		
Descrición	Durante toda a vixencia do contrato		
6. Capacidade, solvencia e habilitacións empresariais ou profesionais			
6.1. Solvencia económica e financeira			
Limiar mínimo requirido	Non se exige, ao abeiro do establecido nos artigos 92 e 159.6.b da LCSP e no artigo 11.5 do RXLCAP.		
Forma de acreditación	Non se exige.		
6.2. Solvencia técnica e profesional.			
Limiar mínimo requirido	Non se exige, ao abeiro do establecido nos artigos 92 e 159.6.b da LCSP e no artigo 11.5 do RXLCAP.		
Forma de acreditación	Non se exige.		
6.3. Concreción das condicións de solvencia: exíxese a adscrición á execución do contrato, como mínimo, de medios persoais e/ou materiais: <input type="checkbox"/> Si <input checked="" type="checkbox"/> Non			
En caso afirmativo deberá achegarse no sobre A o compromiso de adscrición de medios segundo o anexo II (se esta contratación non está afectada por esta circunstancia xa non se incluíra o anexo neste prego).			
Descrición	-		
6.4. Obrigas contractuais esenciais: <input type="checkbox"/> Si <input checked="" type="checkbox"/> Non			
Descrición	-		
6.5. Habilitación empresarial ou profesional: <input type="checkbox"/> Si <input checked="" type="checkbox"/> Non			
Descrición	-		
7. Criterios de adxudicación			
7.1. Criterios avaliados de forma automática por aplicación de fórmulas			100 puntos
- Prezo Fórmula: $P_i = P_r \times (OL - O_i / OL - MO)$			100
Pi: puntuación da oferta; Pr: puntos a repartir; OL: orzamento de licitación; Oi: oferta i; MO: mellor oferta			
7.2. Criterios de desempate			

Artigo 147.2 da LCSP

8. Contido do sobre

a) Catálogo da subministración.

b) Documentación na que figuren as características da súa oferta que acrediten e xustifiquen o cumprimento das condicións que se establecen no prego de prescricións técnicas, e os detalles ou as precisións que considere convenientes para a mellor realización da prestación obxecto da contratación e a cobertura da garantía.

c) Oferta económica realizada a través da plataforma electrónica de licitación que permita a avaliación dos criterios de adjudicación mediante a aplicación automática das fórmulas, establecidos no cadro de especificacións.

d) Modelo de declaración responsable ([anexo I](#)).

e) Modelo de proposición ([anexo III](#)).

f) Se for o caso, declaración da intención de subcontratar ([anexo IV](#)).

9. Execución do contrato

Seguro de responsabilidade civil	<input type="checkbox"/> Si <input checked="" type="checkbox"/> Non	En caso afirmativo, importe:	0,00 €
----------------------------------	---	------------------------------	--------

Penalidades	<input checked="" type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non
-------------	---

Descrición:

- Cumprimento defectuoso da prestación:

Respecto aos acordos de nivel de servizo (ANS) que se establecen no prego de prescricións técnicas, dado que o seu incumprimento supón un prexuízo para a eficiente prestación do obxecto do contrato, diminuíndo a calidade requirida, establécense as seguintes penalidades:

a. De non se cumprir o prazo establecido para o tempo máximo de resposta ante incidencias, imporase unha penalización do 0,25 % do prezo de licitación total, por cada vez que se incumpra tal prazo.

b. De non se cumprir o prazo establecido para o tempo máximo de resolución de incidencias, imporase unha penalización do 0,50 % do prezo de licitación total, por cada vez que se incumpra tal prazo.

c. No caso de que se alcance o número de incidencias dun equipo establecido para un mes, o adjudicatario deberá proceder á substitución deste por outro de características iguais ou superiores.

10. Modificacións Si Non

Redución de unidades

Substitución duns elementos, obxectos ou equipamentos por outros

sen incremento do prezo do contrato

con incremento do prezo do contrato. Importe: €

Aumento de unidades. Importe:

Outras:

11. Cesión do contrato

Permítese Non se permite

12. Pagamentos ao contratista

Tipo de pagamento	<input checked="" type="checkbox"/> metálico		
	<input type="checkbox"/> metálico e entrega doutros bens	Porcentaxe de entrega doutros bens	

Forma de pagamento	<input checked="" type="checkbox"/> A subministración: tras a sinatura da acta de recepción definitiva.
	<input type="checkbox"/> mediante os seguintes pagamentos parciais:
	<input checked="" type="checkbox"/> O servizo: mediante cotas trimestrais vencidas.
	<input type="checkbox"/> aboamentos á conta
	O prezo aboarase de acordo coa factura expedida polo adxudicatario, nos termos da cláusula 15ª deste prego.
13. Subcontratación	Permitida: <input checked="" type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non
Obriga de indicar na oferta a parte do contrato que teña previsto subcontratar	<input checked="" type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non
En caso afirmativo deberá incluír o <u>anexo IV</u>	
Hai partes do contrato que non poden ser obxecto de subcontratación por ter que ser executadas directamente polo contratista	<input type="checkbox"/> Si <input checked="" type="checkbox"/> Non
Descrición	-
14. Condicións especiais de execución	
Descrición	Garantir a accesibilidade universal para todos os usuarios e redución de emisións de gases de efecto invernadoiro, conforme as características técnicas do equipamento establecidas no prego técnico.
15. Causas específicas de resolución do contrato	
Conforme os artigos 211, 306 e 313 da LCSP	
16. Acceso a información de carácter confidencial	<input type="checkbox"/> Si <input checked="" type="checkbox"/> Non
Prazo durante o cal o licitador debe respectar o carácter confidencial da información á que teña acceso con motivo do contrato, nos termos do artigo 133.2 da LCSP	-
17. A execución deste contrato implica o acceso e tratamento de datos de carácter persoal	
<input type="checkbox"/> Si <input checked="" type="checkbox"/> Non	
En caso afirmativo: (descrición – mención ao ficheiro):	

Anexo I

Modelo de declaración responsable

<i>Interesada/o:</i>							
CIF/NIF nº				Nome e apelidos/Razón social			
Rúa				Núm.		Andar	Porta
CP		Concello		Provincia			
Teléfono	/		Fax	Enderezo electrónico			
<i>Representante:</i>							
DNI nº				Nome e apelidos			
Declaro responsablemente, para os efectos de participar no seguinte procedemento da contratación:							
Nº de expediente							
Obxecto							
<p>1º. Que tanto a entidade coma quen a representa e asina esta declaración teñen a capacidade e a personalidade xurídica suficiente e, se é o caso, representación verificada, e que cumpren as condicións de solvencia económica, financeira e técnica ou profesional necesarias para participar neste procedemento de contratación, e conta coas autorizacións necesarias para exercer a actividade.</p> <p>2º. Que nin o asinante da declaración, nin a entidade que representa, nin ningún dos seus administradores ou representantes están incurso en ningún suposto a que se refire o artigo 71 da Lei 9/2017, do 9 de novembro, de contratos do sector público.</p> <p>3º. Que a entidade se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Facenda estatal e autonómica e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.</p> <p>4º. Para os efectos do establecido na cláusula vixésimo sexta do prego de cláusulas administrativas, autorizo o Parlamento de Galicia a efectuar as notificacións que se produzan como consecuencia da tramitación deste procedemento, como medio alternativo á comparecencia electrónica na plataforma, a través do seguinte enderezo electrónico habilitado:</p> <p>5º. De ser o caso, que a entidade que represento está inscrita no Rexistro Oficial de Contratistas de Galicia, co nº</p> <p>6º. Que a entidade que represento está inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público: <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non</p> <p>7º. Que a empresa (indíquese o que proceda): <input type="checkbox"/> Non pertence a ningún grupo de empresas. <input type="checkbox"/> Pertence ao grupo de empresas denominado: (da que se achega listaxe de empresas vinculadas de conformidade co artigo 42 do Código de comercio).</p> <p>8º. É o operador económico unha microempresa, unha pequena o unha mediana empresa? <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non</p> <p>(Deben entenderse incluídas neste concepto as empresas que ocupan menos de duascentas cincuenta persoas e cuxo volume de negocios anual non excede os cincuenta millóns de euros ou cuxo balance xeral non exceda os corenta e tres millóns de euros.)</p>							

Información requirida para efectos meramente estatísticos conforme a Resolución do 15 de novembro de 2017, da Subsecretaría do Ministerio de Facenda e Función Pública, pola que se aproba a aplicación informática e o cuestionario electrónico necesarios para elaborar o informe a que se refire o artigo 328.4 da Lei 9/2017.

9º. Autorizo o Parlamento de Galicia a solicitar os datos que consten en poder da administración que foren necesarios para comprobar a veracidade das declaracións realizadas, en concreto ante a Axencia Estatal de Administración Tributaria, a Axencia Tributaria de Galicia e a Seguridade Social.

*Lugar e data
Sinatura e selo do/a licitador/a*

De conformidade co establecido no Regulamento UE 679/2016, xeral de protección de datos, e no resto da normativa aplicable nesta materia, os datos persoais facilitados, como persoa física, ou no caso de representantes dunha persoa xurídica, serán tratados, en calidade de responsable do tratamento, polo Parlamento de Galicia.

Finalidade do tratamento: o Parlamento trata datos de carácter persoal para xestionar as retencións de crédito, as autorizacións de gasto e os pagamentos, así como os procedementos de contratación, a constitución e a devolución das garantías. O tratamento dos datos de carácter persoal limitarase ao mínimo imprescindible para poder levar a cabo os fins descritos. Os datos persoais non serán tratados de maneira incompatible cos ditos fins nin para a adopción de decisión automatizada, incluída a elaboración de perfís.

Lexitimación: cumprimento das obrigas legais e exercicio de poderes públicos (art. 6.1.c) e e) do RXPDP; Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014).

Destinatarios: prevese a cesión de datos á empresa prestadora do servizo de licitación electrónica e á Xunta de Galicia (contratos de Galicia).

Dereitos: acceso, rectificación, supresión, limitación ou oposición ao tratamento, así como outros dereitos, segundo se detalla na información adicional.

Información adicional: pódese consultar a información adicional e detallada sobre protección de datos na web [Protección de datos de carácter persoal - Parlamento de Galicia](#).

Anexo III

<i>Interesada/o</i>							
<i>CIF/NIF nº</i>		<i>Nome e apelidos/Razón social</i>					
<i>Rúa/lugar</i>			<i>Núm.</i>		<i>Andar</i>		<i>Porta</i>
<i>CP</i>		<i>Concello</i>		<i>Provincia</i>			
<i>Teléfono</i>		<i>Fax</i>		<i>Enderezo electrónico</i>			
<i>Representante</i>							
<i>DNI nº</i>		<i>Nome e apelidos</i>					

Tendo coñecemento das condicións e dos requisitos que se exigen no prego de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas da contratación para a adxudicación do contrato relativo ao seguinte procedemento

<i>Nº de expediente</i>	
<i>Obxecto</i>	

Comprométese a realizar o obxecto do contrato con suxeición ás condicións establecidas nos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas desta contratación, polos seguintes importes:

	Ofertado pola empresa	
<i>Prezo da subministración</i>	<i>en letras:</i>	
	<i>en números:</i>	
<i>IVE</i>	<i>en letras:</i>	
	<i>en números:</i>	
<i>Total</i>	<i>en letras:</i>	
	<i>en números:</i>	

<i>Prezo do servizo (importe para os tres anos de duración inicial)</i>	<i>en letras:</i>	
	<i>en números:</i>	
<i>IVE</i>	<i>en letras:</i>	
	<i>en números:</i>	
<i>Total</i>	<i>en letras:</i>	
	<i>en números:</i>	

<i>Prezo total do contrato</i>	<i>en letras:</i>	
	<i>en números:</i>	
<i>IVE</i>	<i>en letras:</i>	
	<i>en números:</i>	
<i>Total</i>	<i>en letras:</i>	
	<i>en números:</i>	

*Lugar e data
Sinatura e selo do/a licitador/a*

Anexo IV

<i>Interesada/o</i>							
<i>CIF/NIF nº</i>				<i>Nome e apelidos/Razón social</i>			
<i>Rúa/lugar</i>				<i>Núm.</i>		<i>Andar</i>	<i>Porta</i>
<i>CP</i>		<i>Concello</i>			<i>Provincia</i>		
<i>Teléfono</i>	/		<i>Fax</i>			<i>Enderezo electrónico</i>	
<i>Representante</i>							
<i>DNI nº</i>				<i>Nome e apelidos</i>			

Tendo coñecemento das condicións e dos requisitos que se exigen no prego de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas da contratación para a adxudicación do contrato relativo ao seguinte procedemento

<i>Nº de expediente</i>	
<i>Obxecto</i>	

Manifesta que ten intención de subcontratar a seguinte parte do contrato:

<i>Descrición da parte do contrato que se subcontrata</i>	
<i>Importe ou porcentaxe</i>	
<i>Nome ou perfil empresarial do subcontratista</i>	

Lugar e data
Sinatura e selo do/a licitador/a